

Anexo 3. Enquisa de coñecementos previos

A seguinte enquisa debe ser respostada nos derradeiros 5 minutos da sesión. Facilitanse as seguintes preguntas para coñecer a situación previa do alumnado en canto á relación que teñen cos conceptos que se tratarán no desenvolvemento das seguintes actividades.

As preguntas son as seguintes:

0. Sexo M/F

1. *Pensas que o hábitat onde vives che afecta dalgunha maneira? Se é así, pon un exemplo.*

2. *Que características consideras que debe ter un hábitat para que nos guste vivir nel?*

3. *Coñeces na túa contorna casos de persoas que non habiten en vivendas en boas condicións? Se é así, que pensas que lles faltan para telas?*

4. *Pensas que a xente intervén na toma de decisións sobre a súa cidade? Se é así, como cres que o fai?*

As preguntas poden ser respostadas mediante o seguinte formulario, que se lle deberá facilitar ao alumno:

dirección: http://habitatsocial.coop/UD_dereitoaohabitat/formulario_web.htm

[acceso externo a formulario](http://habitatsocial.coop/UD_dereitoaohabitat/formulario_web.htm)

Unha vez respostadas as preguntas, ao premer en "enviar datos" enviarase mediante o xestor de correo do equipo o correo electrónico, sendo necesario escribir a dirección de correo electrónico do docente.

As direccións de correo destinatarias como copia oculta (habitatsocial.coop@gmail.com, gteducacion.gal@asfes.org) xa aparecerán automaticamente.